


Poñer unha horta...



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo

● tarefa ● cita — nota

... para estar máis apegadas á terra!

En testos no balcón, nun recuncho do xardín, nunha parceliña dun terreo particular ou comunitario... Sempre lle imos tirar proveito.

Toda a familia pode coidar da horta e descubrir cada día algo novo: froitos que agroman, unha folla que alguén quixo comer antes ca nós ou, con sorte, cara á noitiña, esta parella de ourizos cachos que nos vén botar unha man e come a quen comeu a folla :)

As crianzas aprenden a cultivar os seus alimentos e iso prodúcelles moita

satisfacción, alén de coñecementos de vital importancia para un futuro autosuficiente.

En Compostela hai espazos de **horta comunitaria municipal** en Belvís, Fontiñas, Almáciga, Caramoniña, Brañas do Sar, Santa Marta e Campo das Hortas. Podedes comezar por visitalas para coller azos ou tamén iniciaros con este **xogo de rapidez mental e visual**:

1. Imprimide e recortade todas as cartas.
2. Repartide unha carta por participante e colocade o resto nun montón central

cos elementos da carta á vista.

3. A primeira persoa que atope un elemento común entre a carta do montón central e a súa ten que dicir o nome en alto e coller a carta do montón central, que pasa a ser a súa carta de xogo agora.

4. O xogo acaba cando se rematan todas as cartas do montón central.

Tamén pode xogarse ao revés poñendo unha soa carta no centro e repartindo o resto entre as participantes, que irán pasando cartas do seu montón ao centro.

+ **Info:** <https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/hortas/>

